

**SEGUNDA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE ERASMUS+ DE CURTA DURACIÓN CON FINS DE ESTUDO DIRIXIDAS A ESTUDANTES DE GRAO, MÁSTER E DOUTORAMENTO DA UDC PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/24**

Recibida comunicación da universidade socia Christian-Albrechts-Universität zu Kiel que organiza o Curso Intensivo Combinado **LET it BIP – Voces y Escrituras de Mujeres**, no que participa alumnado da UDC, de que non acadaron o número mínimo de participantes (15) para poder realizar o BIP e solicitando á UDC un maior número de participantes para non cancelar o curso. Habendo solicitantes da UDC que non foron incluídos na anterior resolución por presentaren a súa solicitude trala sinatura da resolución, esta Vicerreitoría resolve excepcionalmente:

1. Publicar a listaxe de alumnado ao que se lle concede una beca Erasmus+ de curta duración para participar no LET it BIP – Voces y Escrituras de Mujeres, con indicación do importe da mesma.
2. Concederlle ás persoas interesadas un prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución na web da ORI, para presentar alegacións a través da Sede Electrónica da UDC mediante a instancia xenérica dirixida á ORI.

As persoas seleccionadas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia a través do formulario online dispoñible [nesta ligazón](#).

Todas as persoas adxudicatarias da mobilidade de curta duración Erasmus+, con independencia de que teñan ou non a bolsa económica, serán convocadas pola ORI para asinar o seu convenio financeiro antes da súa incorporación á universidade de destino.

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A vicerreitora de internacionalización e cooperación.

Asdo.: Pilar Garcia de la Torre

## LISTAXE DE SOLICITUDES SELECCIONADAS

Nome	Centro UDC	Institución de acollida	Importe bolsa en Euros
Nerea Montero Suárez	Facultad de Filoloxía	Christian-Albrechts-Universität zu Kiel	630
Xiana Pereira Prado	Facultad de Filoloxía	Christian-Albrechts-Universität zu Kiel	630
Iria Trashorras Murado	Facultad de Filoloxía	Christian-Albrechts-Universität zu Kiel	630